



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

Número

88

/2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, PARA A CONVOCATORIA DUN “CONCURSO DE PROXECTOS DE ARQUITECTURA PARA A REHABILITACIÓN DO EDIFICIO CLAUSTRAL DO PAZO DE ARENAZA, SITO EN IÑÁS NO CONCELLO DE OLEIROS, PARA AMPLIAR O SEU ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (COWORKING)”.

Na Coruña, a 9 de outubro de 2025, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte

Don Xosé Luis Penas Corral, representante da Deputación Provincial da Coruña, **na súa condición de Deputado Delegado en Materia de Contratación, Patrimonio e Equipamentos da Deputación Provincial da Coruña**, segundo o seu nomeamento en resolución número 29343 de data 24 de xullo de 2023.

Doutra

D. Luciano González Alfaya, actuando en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en virtude da súa condición de **Decano-Presidente**, elixido nas eleccións estatutarias do 11 de maio de 2023, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe os **artigo 11 do Real Decreto 129/2018, do 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos**, e do seu Consello Superior, **e o 38.a) do Decreto 105/2016**, do 21 de xullo, Diario Oficial de Galicia, número 153, do 12 de agosto de 2016, polo que se aproban os seus estatutos particulares.

e **Dña Encarnación Ruth Varela Rodríguez**, actuando en representación da Delegación en A Coruña do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en virtude da súa condición de **Presidenta da delegación en A Coruña** do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, elixida nas eleccións estatutarias do 11 de maio de 2023, coas facultades representativas que lle atribúe o **artigo 47, a) dos estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia**, aprobados polo **Decreto 105/2016**, do 21 de xullo, Diario Oficial de Galicia, número 153, do 12 de agosto de 2016.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e

representación para a firma do presente convenio e a estes efectos,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de A Coruña ten interese en convocar un Concurso de proxectos, a nivel de anteproxecto, coa finalidade da rehabilitación do edificio claustral do Pazo de Arenaza en Iñás, no concello de Oleiros, edificio propiedade do Concello de Oleiros cedido en uso á Deputación da Coruña, para ampliar o seu espazo de traballo colaborativo (coworking), que actualmente ven funcionando alí no edificio principal do complexo.

II.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é unha Corporación de dereito público que ten entre os seus fins e funcións, segundo a Lei 11/2001 de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia -artigos 8.1 d) e 9 r)-, o colaborar coas Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente. Así mesmo, ten entre as súas funcións, conforme aos artigos 7.4 i) do Real Decreto 129/2018, de 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior, e artigo 6.4 j) do Decreto 105/2016, polo que se aproban os seus Estatutos particulares, a de *“prestar a colaboración que se lle requira na organización e difusión dos concursos que afecten os arquitectos e a de velar pola adecuación das súas convocatorias ás normas reguladoras do exercicio profesional”*.

Así mesmo, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, de acordo co disposto nos seus referidos Estatutos, ten entre os seus fins, segundo o seu artigo 5.f), promover o perfeccionamento das actividades profesionais dos Arquitectos ao servizo da sociedade e realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que considere oportunas ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei.

III.- Como indica o artigo 3 apartado 1 da Lei 9/2022 do 14 de xuño de Calidade da Arquitectura (en diante LCA) “1. A arquitectura constitúe un ben de interese xeral, pola súa contribución á creación da identidade cultural, a calidade de vida, ao benestar, cohesión e inclusión sociais e a saúde, pola súa vinculación coa protección da seguridade e saúde da cidadanía, pola relevancia que ostenta para mitigar os efectos do cambio climático e para adaptarse a el, así como pola súa transcendencia económica”. E o artigo 4 apartado 1 do citado texto legal indica que “1. As políticas desenvolvidas polos poder públicos en relación co deseño, planificación, proxección, dirección de obra, dirección da execución da obra, construción, rehabilitación e reconstrución, transformación e conservación da arquitectura estarán inspiradas polo principio de calidade”.

Así mesmo o artigo 5 apartado 1 LCA dispón que os poderes públicos exercerán un papel exemplarizante a través do seu patrimonio inmobiliario, promovendo o principio de calidade na arquitectura e procurarán a excelencia e sustentabilidade nas obras nas que exerzan como promotores de forma exemplarizante para outros sectores da sociedade.

IV.- Dadas as particulares actuacións técnicas da intervención obxecto do concurso, a cal desexa a Administración convocante que sexa emblemática, a Deputación de A Coruña, levará a cabo a selección de diferentes propostas, mediante a convocatoria dun concurso de proxectos dirixido aos profesionais competentes polo procedemento regulado nos artigos 183 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, de entre as que se determinará a gañadora á que se adxudicará o correspondente contrato de servizos.

O concurso vai dirixido a arquitectas/os segundo a competencia, establecida na Lei 38/1999, de 5 de novembro de Ordenación da Edificación, en función do uso da edificación, artigo 10.2 a) (administrativo) en correspondencia co apartado 2 do artigo 2 letra c), desa lei e demais

normativa de aplicación, posto que se trata dunha obra de edificación ao ser “obras que teñen o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e aquelas outras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección”.

Este tipo de procedemento permite obter propostas para unha avaliación máis completa das posibles solucións, estimulando a creatividade e dando a posibilidade ao sector de participar neste proxecto. Así, para o desenvolvemento do concurso, entende conveniente contar coa colaboración do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, pola súa condición de organismo representativo da profesión da arquitectura no territorio galego, ao ser un dos ámbitos de traballo dos arquitectos/as o obxecto do concurso.

V.- A Deputación da Coruña, no ámbito das súas competencias, considera oportuno establecer o presente convenio de colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a convocatoria do Concurso de Proxectos indicado no expositivo I.

VI.- Para a formalización deste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública debido ás singulares características do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, pola súa representatividade na colaboración coas administracións nas materias da súa competencia. Sendo a Arquitectura un ben de interese xeral e, polo tanto, de interese público, e considerando as competencias dos Colexios Profesionais de Arquitectos na materia, e polo tanto do COAG, a Arquitectura constitúe un ámbito especialmente apropiado para a colaboración entre os Colexios de Arquitectos e as Administracións Públicas para a realización de actuacións de interese común que son, así mesmo, de interese público.

Ao amparo de todo o exposto, no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes outorgan o presente convenio de colaboración con base ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente Convenio é establecer a colaboración entre a Deputación da Coruña, e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en adiante COAG), para a convocatoria dun concurso de proxectos, a nivel de anteprojecto, coa finalidade da rehabilitación do edificio claustral do Pazo de Arenaza en Iñás, no concello de Oleiros, edificio propiedade do Concello de Oleiros cedido en uso á Deputación da Coruña, para ampliar o seu espazo de traballo colaborativo (coworking), que actualmente ven funcionando alí no edificio principal do complexo.

O concurso farase mediante o procedemento regulado nos artigos 183 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, tendo como finalidade a selección das mellores propostas de entre as que se determinarán as seleccionadas e a gañadora a que se adxudicará o corresponde contrato de servizos para a redacción do proxecto arquitectónico, segundo o previsto no artigo 183.2.a) que textualmente di:

a) Concursos de proyectos organizados en el marco de un procedimiento de adjudicación de un contrato de servicios, en los que eventualmente se podrán conceder premios o pagos.

El contrato de servicios que resulte del concurso de proyectos además también podrá tener por objeto la dirección facultativa de las obras correspondientes,

siempre y cuando así se indique en el anuncio de licitación del concurso.

A presente iniciativa é un concurso de proxectos de arquitectura do tipo previsto no artigo 183.2 a) con premios ou pagos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

Con este concurso de ideas preténdese lograr unha profunda reflexión sobre a mellor proposta arquitectónica segundo o programa de necesidades que se expoña, así como a relación desta intervención coa contorna circundante, seleccionando as mellores actuacións que con criterios programáticos, estratéxicos, de accesibilidade universal, sociais, ecolóxicos, de eficacia ambientais e de mellor sustentabilidade, fagan unha proposta modélica adaptándose ás maiores esixencias e sensibilidades medioambientais do noso tempo.

O concurso de proxectos será a nivel de "anteprojectos", nunha fase. Os seleccionados recibirán os pagos que no Anexo 1 se establecen, e o concurso levarase a cabo segundo o calendario de actuacións que establecerá, tras a firma do convenio, a Comisión de Seguimento e que se avanza no anexo deste documento.

SEGUNDA. Deberes da Deputación da Coruña

A Deputación obrígase a convocar un concurso de proxectos, para a actuación descrita no expositivo I, e coas seguintes características básicas:

- O procedemento será o de concurso de proxectos regulado nos artigos 183 e seguintes Lei 9/2017-LCSP, do tipo previsto no artigo 183. 2 a), dirixido aos profesionais competentes, como son os arquitectos, segundo establece para este uso a Lei de ordenación da edificación.

A Deputación achegará ao COAG tanta información cartográfica e fotográfica, estudos previos, programa, criterios de actuación, etc, que poidan condicionar as propostas do ámbito de actuación, para compor a documentación a entregar aos concursantes.

- O Orzamento de execución material da obra, segundo a estimación da área afectada indicada no Anexo desde documento, sen IVE e sen gastos xerais e beneficio industrial (PEM) **está previsto sexa de: 265.630,00 €.**
- O Concurso contempla os seguintes **pagos de honorarios aos proxectos seleccionados:**

Primeiro seleccionado (proposta gañadora): 5.000,00 € (*) e máis a adxudicación do contrato de servizos para a redacción do proxecto de execución e dirección de obra, no seu caso, ao gañador do concurso de proxectos, mediante o procedemento negociado sen publicidade ao abeiro do previsto do artigo 168.d da Lei 9/2017

Segundo seleccionado: 3.000,00 €

Terceiro seleccionado: 3.000,00 €

Mencións: O Xurado poderá acordar a mención de cantos proxectos considere merecedores de tal distinción sen contía económica.

Total pagos: 11.000,00 € (*)

(*) o importe do primeiro seleccionado terá o carácter de pago a conta e deducirase dos honorarios totais da redacción do proxecto básico e de execución.

Os importes do segundo e terceiro seleccionados serán en concepto de honorarios dos correspondentes anteprojectos cuxa documentación pasará a ser propiedade da Deputación da Coruña aos efectos da súa publicación e difusión.

O concurso non poderá declararse deserto, a non ser que o Xurado considere unanimemente que non poden outorgarse os pagos por non haber proxectos que resulten suficientemente satisfactorios para os obxectivos do concurso.

A Deputación de A Coruña, comprométese a aboar devanditos pagos de honorarios. O pago levarase a cabo unha vez presentadas polas persoas seleccionadas as facturas correspondentes.

Segundo o orzamento de execución material anteriormente indicado, os honorarios de arquitecto/a do primeiro seleccionado polo contrato de redacción do proxecto básico e de execución e mais a dirección de obra de arquitecto/a a contratar pola Diputación, serán os seguintes:

- | | |
|--------------------------------------|-------------------|
| • Proxecto básico e de execución: | 17.664,40 € + IVE |
| • Dirección de obra de arquitecto/a: | 7.543,90 € + IVE |

TOTAL PROXECTO E DIRECCIÓN	25.208,30 € + IVE
-----------------------------------	--------------------------

Ás cifras anteriores aplicaráselles respectivamente o réxime fiscal que sexa de aplicación.

A composición do **xurado** será conforme determina o artigo 187 da Lei 9/2017, que establece que polo menos dous terzos dos compoñentes do xurado deben posuír a mesma titulación técnica esixida para participar no concurso.

O artigo 187. 2 e 3 da Lei 9/2017 di:

"2. O xurado estará composto por persoas físicas independentes dos participantes no concurso de proxectos y su selección respetará los principios de profesionalidad, especialización en relación con el objeto del contrato, imparcialidad, ausencia de incompatibilidad e independencia.

3. Cando se esixa unha cualificación profesional específica para participar nun concurso de proxectos, polo menos dous terzos dos membros do xurado deberán posuír dita cualificación ou outra equivalente"

Proponse a seguinte composición:

Presidente: O Presidente da Deputación de A Coruña ou persoa en quen delegue, o cal ostentará o voto de calidade, no caso de empate.

Vogais:

- 1 Arquitecto/a designado/a pola Deputación da Coruña.
- 1 Arquitecto/a designado/a polo Concello de Oleiros.
- 1 Arquitecto/a designado/a pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- 2 Arquitectos/as designados/as polo Colexio de Arquitectos de Galicia.

Secretaria: Como secretaria (sen voto) actuará a xefa do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación da Coruña ou persoa en quen delegue.

Nas vogalías haberá, así mesmo, por cada Arquitecto/a titular unha persoa (tamén Arquitecto) suplente designada respectivamente polas entidades indicadas.

A Deputación aboará as dietas dos membros do Xurado os importes correspondentes pola súa asistencia ás sesións, agás as de arquitectas/os designados polo COAG que correrán por conta deste.

- **Dereitos de propiedade intelectual:**

A Deputación da Coruña asumirá a propiedade intelectual do primeiro proxecto seleccionado.

O resto dos autores conservarán a propiedade intelectual dos traballos presentados e a plenitude dos dereitos morais recoñecidos na lexislación de propiedade intelectual que teñen a natureza de dereitos irrenunciabes e inalienables, consonte o disposto no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 1/1996 de 12 de abril. Os seus traballos non poderán ser empregados para outros fins que os referidos nas Bases do concurso, nin sequera como material para a redacción doutros proxectos por outros profesionais diferentes dos respectivos autores.

Todos os participantes no concurso cederán ao órgano de contratación, os dereitos de explotación que correspondan a publicidade da convocatoria e os seus resultados, tales como a publicación, difusión e exposición dos traballos presentados, aínda que permanecerán en anonimato aqueles participantes non premiados que o houbesen solicitado.

A Deputación da Coruña, comprométese ao pago dos honorarios dos proxectos seleccionados neste concurso e custos do Colexio de Arquitectos de Galicia derivados do mesmo. Para iso a Deputación da Coruña manifesta contar con orzamento adecuado e suficiente para executar o presente convenio así como para o concurso, con cargo á partida orzamentaria 0420 93341 22706, **os cales estímanse en 43.762,04 €, consonte a seguinte táboa:**

	HONORARIOS	IVE (21%)	IMPORTE
Primeiro proxecto seleccionado	25.208,30	5.293,74	30.502,04
Segundo proxecto seleccionado	3.000,00	630,00	3.630,00
Terceiro proxecto seleccionado	3.000,00	630,00	3.630,00
Gastos de tramitación COAG			6.000,00

- Os levantamentos necesarios para a redacción do proxecto serán obriga dos seus redactores.
- No Anexo deste convenio, que forma parte do mesmo, recóllense outras cuestións básicas que se incorporarán e concretarán nas bases dos concursos de proxectos que se van convocar. O resto de condicións do concurso concretaranse nas bases do mesmo, de mutuo acordo entre as partes e sempre conforme ao marco legal previsto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e demais normativa de aplicación.

II.- A Deputación da Coruña achegará ao COAG en formato editábel toda a documentación técnica, estudos previos e documentación fotográfica precisa para documentar os pregos técnicos do concurso de proxectos. Ademais, deberá achegar informe municipal das condicións técnicas aplicábeis segundo o respectivo PXOM, así como as limitacións sectoriais que puidesen ser aplicables ao caso.

III.- A Deputación da Coruña aboará ao COAG a cantidade de 6.000 € (IVE incluído), para compensar os gastos que o Colexio terá que asumir en virtude da súa colaboración no concurso de proxectos. Esta cantidade farase efectiva unha vez que o COAG achegue, xunto coa factura, memoria xustificativa da realización das actuacións recollidas na cláusula terceira do convenio, facéndose o pago polo importe total. O ingreso faranse na conta bancaria que indique o COAG.

Para proceder ao pagamento o COAG presentará factura dixital a través da plataforma FACE. O COAG deberá presentar a documentación necesaria que non conste na Deputación para que se poida proceder ao pagamento (registro do NIF, certificación de conta bancaria, autorización para verificar os datos de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda, etc)

IV. A Deputación da Coruña consignará, nos pregos de bases reguladoras do concurso, o réxime aplicable respecto ao visado dos traballos obxecto de adxudicación, solicitando como cliente á persoa redactora o visado do mesmo. Nese caso dita constancia nos pregos terá fronte ao COAG o carácter de petición expresa para os efectos do artigo 13.1 da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais

TERCEIRA. Deberes do Colexio de Arquitectos de Galicia

O COAG, obrígase en función do presente Convenio a:

- Prestar a colaboración técnica á Deputación da Coruña para a instrumentación e desenvolvemento do concurso de proxectos, con especial atención no asesoramento en cuestións relativas á redacción das bases administrativas e técnicas do concurso de proxectos para o cal a Deputación entregará ao COAG a documentación indicada na cláusula anterior.
- Recompilar e maquetar toda a documentación técnica necesaria proporcionada pola entidade convocante, proporcionándolle unha boa calidade para que a Deputación poida difundila a través do perfil do contratante xunto coas bases cando se convoque o concurso.
- Difundir por todos os medios ao seu alcance a convocatoria do citado concurso de proxectos a través da web do COAG así como través do Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España (CSCAE), co fin de conseguir a máxima participación de profesionais
- Colaborar coa Deputación na resolución das consultas que poidan presentar os potenciais concursantes en relación co concurso.
- Apoiar á organización completa da convocatoria, deliberación e fallo.
- Velar polos dereitos e deberes dos concursantes no propio marco das funcións do COAG
- Unha vez fallado o concurso, organizar en soporte dixital unha exposición do traballo

gañador, os premiados e o resto de traballos presentados, se pola súa calidade se estima oportuno.

- Así mesmo, obrígase a formar parte do Xurado que resolverá o concurso referido mediante a designación de 2 Arquitectos/as, e as súas respectivas substitutos/as, que actuarán como vogais.

CUARTA. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa firma e terá vixencia até 31 de decembro de 2026, salvo prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.

QUINTA. Causas de resolución.

- a) O incumprimento dalgunha cláusula do presente convenio faculta a calquera das partes asinantes para instar, por escrito e cun aviso previo mínimo dun mes, a resolución do mesmo.
- b) O mutuo acordo entre as partes.

En todo caso, o COAG terá dereito a recibir a compensación económica polos gastos en que incorra na execución do convenio ata o momento da súa finalización anticipada por calquera causa.

SEXTA. Seguimento

Para o seguimento da execución do presente convenio creárase unha Comisión Mixta que estará integrada por un representante de cada unha das partes asinantes deste convenio.

Serán funcións de dita Comisión de Seguimento:

- Facer o seguimento da execución do presente Convenio.
- Aclarar e resolver cantas dúbidas poidan exporse na interpretación e execución do presente Convenio.
- Propoñer modificacións dos termos e condicións ou dos prazos de execución do presente Convenio.

SÉTIMA. Natureza

O presente convenio ten natureza administrativa. Toda controversia xurdida da interpretación, desenvolvemento, modificación, resolución e execución do presente convenio, será resolta en primeira instancia de común acordo e mediante consulta ou negociación entre ambas as partes, a través da Comisión de Seguimento. En caso de non conseguir a súa resolución mediante a Comisión de Seguimento poderán ser sometidas á xurisdicción contencioso administrativa conforme a súa regulación, dado o carácter administrativo do presente Convenio.

OITAVA. Protección de datos

As partes comprométese a cumprir, nos termos que sexa de aplicación, a normativa aplicable de Protección de Datos.

Ambas as partes, na súa condición de responsábeis do tratamento de datos, tratarán os datos persoais das persoas asinantes e das persoas de contacto coa finalidade de xestionar a relación convencional e favorecer a comunicación entre as partes, conservándose os datos durante todo o tempo en que subsista o presente Convenio e, aínda despois, ata que prescriban as eventuais responsabilidades derivadas dela. Os titulares dos datos poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición na dirección

da sede social de cada parte e poderán interpoñer, en caso de vulneración de dereitos, unha reclamación ante a autoridade de control correspondente.

NOVENA. Cláusula de Difusión en Medios de Comunicación

As partes acordan que as accións, actividades e resultados derivados da execución do presente convenio poderán ser difundidos en medios de comunicación, redes sociais e outros canles pertinentes, co obxectivo de promover os obxectivos e alcances do mesmo. Ditas comunicacións deberán ser previamente aprobadas e comunicadas por as partes, incluso as que poidan participar ou financiar esta convocatoria asegurando o respecto aos termos de confidencialidade establecidos neste documento e coidando a integridade da información compartida.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia 36714 de data 30 de xullo de 2025

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

Asdo.: Xosé Luis Penas Corral

O REPRESENTANTE DO COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA

Asdo.: Luciano González Alfaya

A REPRESENTANTE DA DELEGACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA EN A CORUÑA

Asdo.: Encarnación Ruth Varela Rodríguez

O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Miguel Iglesias Martínez

ANEXO I

PASOS A SEGUIR E AVANCE DO PREGO DE CONDICIÓN

Para desenvolver este convenio deberase actuar da seguinte forma:

- **SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN** entre a Deputación da Coruña e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).
- **ESTABLECEMENTO DO CALENDARIO DE ACTUACIÓN**. Establecerase entre as partes un cronograma que rexerá o procedemento do concurso de proxectos, o cal consta de forma estimada, no ANEXO II.
- **ELABORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN**. Partindo da documentación achegada pola Deputación da Coruña, o COAG redactará as propostas de Bases (administrativas e técnicas) do concurso de proxectos a convocar, que facilitará á Deputación ao obxecto da súa revisión e adaptación ás súas necesidades, expectativas ou posibilidades, fixando o contido definitivo das bases co consenso de ambas partes, respectando sempre o marco legal.

As bases e a documentación complementaria do concurso será elaborada conforme ao seguinte guión:

AVANCE e GUIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓN ADMINISTRATIVAS.

Ditas bases, tendo en conta o previsto nas cláusulas do convenio **definirán**:

- OBJECTO DO CONCURSO:** "CONCURSO DE PROXECTOS DE ARQUITECTURA PARA A HABILITACIÓN DO EDIFICIO CLAUSTRAL DO PAZO DE ARENAZA, SITO EN IÑAS NO CONCELLO DE OLEIROS, PARA AMPLIAR O SEU ESPAZO DE TRABAJO COLABORATIVO (COWORKING)".
- ANTECEDENTES:** Nas bases do concurso enúnciaranse as circunstancias que deron lugar á convocatoria do concurso, estudos previos así como outro tipo de cuestións que poida ser relevante para o mesmo.
- LOCALIZACIÓN DO CONCURSO:** A proposta xeral abarcará todo o ámbito delimitado. No ANEXO III deste convenio avánzase a posible delimitación.
- TIPO DE CONCURSO:** Será un concurso de proxectos con xurado, ordinario, aberto nunha fase, segundo establezan as bases do concurso, conforme ao procedemento da Lei 9/2017 do tipo previsto no seu artigo 183.2 a), segundo ao indicado nas cláusulas do convenio.
- CONTRATO DE SERVIZOS:** A resolución do concurso de proxectos adxudicará ao gañador do concurso o contrato de servizos para a redacción do proxecto de execución e dirección de obra, no seu caso, ao gañador do concurso de proxectos, mediante o procedemento negociado sen publicidade ao abeiro do previsto do artigo 168.d da Lei 9/2017. adxudicación do contrato.

f. **ENTIDADE QUE CONVOCA:** Os datos do promotor da iniciativa e da secretaría do concurso, direccións, teléfonos, dirección de correo electrónico e páxina web, no seu caso os necesarios para a comunicación entre os concursantes e o promotor, figurarán nos pregos do concurso.

g. **DESTINATARIOS DOS CONCURSOS:** Van dirixidos a Arquitectos e outros profesionais competentes que formen equipos baixo a dirección dun Arquitecto, persoas físicas, xurídicas e UTE's. Indicaranse os demais requisitos dos concursantes, como son solvencia técnica, económica e financeira.

h. **ETAPAS E PRAZOS DO CONCURSO:**

Non hai inscrición previa.

Fases:

- Convocatoria e publicación do concurso e posta a disposición das bases e demais documentación.
- Petición de información e realización de consultas por escrito.
- Posible visita explicativa a organizar pola Deputación ao ámbito do concurso, con posibles actividades e difusión a desenvolver para o mellor coñecemento do concurso.
- Entrega das propostas
- Reunións do xurado.
- Fallo do concurso.
- Adxudicación dos correspondentes contratos

i. **PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS, DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

Distinguindo:

- SOBRE 1: documentación administrativa.
- SOBRE 2: documentación técnica.

A entrega farase exclusivamente de forma física

j. **ANONIMATO.**

k. **XURADO.**

A composición do xurado será conforme establece o artigo 187 da Lei 9/2017, que dispón que polo menos dous terzos dos compoñentes do xurado deben posuír a mesma cualificación profesional que a esixida para participar no concurso.

O Xurado terá a seguinte composición:

Presidente: O Presidente da Deputación de A Coruña ou persoa en quen delegue, o cal ostentará o voto de calidade, no caso de empate.

Vogais:

- 1 Arquitecto/a designado/a pola Deputación da Coruña.
- 1 Arquitecto/a designado/a polo Concello de Oleiros.
- 1 Arquitecto/a designado/a pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- 2 Arquitectos/as designados/as polo Colexio de Arquitectos de Galicia.

Secretaria: Como secretaria (sen voto) actuará a xefa do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación da Coruña ou persoa en quen delegue.

Nas vogalías haberá, así mesmo, por cada Arquitecto/a titular o/a seu/súa suplente designado respectivamente polas entidades indicadas.

A Deputación abonará aos membros do Xurado os importes correspondentes pola súa asistencia ás sesións. A Deputación establecerá as dietas de asistencia para o xurado do concurso correspondentes.

- I. CRITERIOS DE VALORACIÓN.** Exclusivamente técnicos en aplicación do artigo 184.3 da Lei 9/2017, que di: *“Nos concursos de proxectos, a valoración das propostas referirase á calidade das mesmas, e os seus valores técnicos, funcionais, arquitectónicos, culturais e ambientais”*.

m. PROPIEDAD DOS TRABALLOS E DEREITOS DAS PARTES.

n. RESOLUCIÓN E DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS.

o. INCOMPATIBILIDADES.

Daquelas persoas que colaborasen na convocatoria ou elaborado información previa para o mesmo.

p. PREMIOS E COMPROMISO DE CONTRATACIÓN.

Segundo o contido do convenio

q. HONORARIOS

Nos pregos do concurso, fixaranse os honorarios do encargo dos traballos.

Os honorarios de arquitecto polo contrato de redacción do proxecto de execución serán os seguintes:

• Proxecto básico e de execución: IVE	17.664,40 € +
• Dirección de obra de arquitecto/a: IVE	7.543,90 € +

TOTAL PROXECTO E DIRECCIÓN	25.208,30 €
-----------------------------------	--------------------

+ IVE

Ás cifras anteriores aplicaránelles respectivamente o réxime fiscal que sexa de aplicación.

r. CAUSAS DE EXCLUSIÓN.

s. EXPOSICIÓN.

t. DEBERES DOS CONCURSANTES.

Entre outras o gañador do concurso, tras o efectivo encargo, deberá presentar o proxecto básico e de execución no prazo máximo de dous meses, desde o encargo dos traballos a realizar. Ademais comprometerase a realizar polo menos seis visitas as obras.

u. RÉXIME XURÍDICO.

v. ORZAMENTO DA OBRA:

Estimouse un orzamento de execución material de 265.630,00 €. E de 382.480,64 € de execución de contrata con IVE. Consonte a seguinte táboa con

importes desagregados:

Orzamento de execución material (OEM)	265.630,00 €
Gastos Xerais (13%)	34.531,90 €
Beneficio Industrial (6%)	15.937,80 €
Base	316.099,70 €
IVE (21%)	66.380,94 €
Orzamento total con impostos	382.480,64 €

w. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

x. DIRECTORIO DE CONTACTOS DA DEPUTACIÓN E DO COAG

Pola Deputación:

- **Parte xurídica:** Beatriz Méndez López
- **Parte técnica:** Daniel Beiras García-Sabell

Polo COAG. Teléfono de contacto: 981. 552400

- **Parte xurídica:** María Malvido Pose
- **Parte técnica:** Alberto Escobar Molinero
concursos@colexiodearquitectos.org

y. PLANIMETRÍA, FOTOGRAFÍAS E INFORME TÉCNICO.

A Deputación achegará:

- estudos feitos o caso
- fotografías.
- plano do ámbito de actuación en formato .dwg,
- informe técnico municipal de condicións técnicas aplicables segundo o planeamento municipal aplicable, así como as limitacións sectoriais e de servizos que puidesen existir.
- planos do estado actual da edificación (plantas, alzados e seccións)

**ANEXO II
CRONOGRAMA DE ACTUACIÓNS DO CONCURSO (ESTIMADO).**


Actuación	Lugar e data
-----------	--------------

Sinatura do Convenio entre a Deputación da Coruña e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.	De acordo á data da firma do convenio comezarían a rexer os prazos indicados a continuación.
Elaboración das bases administrativas e técnicas.	1 mes tras a sinatura do convenio e contados desde que a Deputación achegue ao COAG a documentación técnica precisa.
Convocatoria do concurso e publicación no perfil do contratante (e demais onde fora preciso a súa publicación)	2 días desde que estea dispoñible toda a documentación.
Prazo para presentación de propostas.	45 45 días naturais partir da publicación da convocatoria do concurso na forma legalmente prevista na Lei de Contratos.
Acceso á documentación do concurso.	Desde o día da publicación da convocatoria do concurso.
Consultas.	A partir do día seguinte da publicación da convocatoria no perfil do contratante e antes de 10 días naturais do final do prazo de presentación de propostas.
Resolución de consultas.	Até 5 días naturais anteriores á finalización do prazo de presentación de propostas.

Fallo e adxudicación	
Fallo do xurado e publicación	No prazo de 1 mes. desde o remate do prazo de presentación de propostas.
Pago dos premios ao gañador, demais premiados e adxudicación dos contratos.	Un mes desde o fallo.
Retirada da documentación non premiada.	Até 3 meses desde o fallo do concurso.
Entrega do proxecto de execución do gañador	Prazo mínimo de días desde a firma do contrato administrativo

ANEXO III

• FOTOS AÉREAS DE EMPRAZAMENTO



- **FOTO AÉREA. PROPOSTA DE DELIMITACIÓN.**

(a determinar e concretar o ámbito de actuación. Aproximadamente de XXXX m2).




- **FOTOGRAFÍAS**




- PLANO CATASTRAL (indicar o âmbito de actuação) RC: 5868201NH5956N0001HS



- PLANO PLANEAMENTO URBANÍSTICO. PXOM DE OLEIROS. Plano de ordenação 37.a



- **FICHA B-16 do catálogo do PXOM de Oleiros**



REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

B.- ARQUITECTURA CIVIL


B16

NOME PAZO DE ARENAZA
LOCALIZACIÓN IÑAS
TIPOLOXÍA ELEMENTO DE INTERESE HISTÓRICO- ARTÍSTICO, ARQUITECTÓNICO OU AMBIENTAL
TITULARIDADE PRIVADA
ESTADO DE CONSERVACIÓN BO
GRADO DE PROTECCIÓN NON INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA SOLO URBANO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS

Documento que se somete a aprobación definitiva do
Concello de Iñas, en virtude da aprobación da
ordenanza de 11 de outubro de 2009, que aproba o Plan
Xeral de Ordenación Municipal, e dos
termos establecidos no Regulamento de Urbanismo da
Concellería de Medio Ambiente, Territorio e
Instrumentos Urbanísticos.



Assinado por: *[Signature]*
Lucía Llorente Villar



PAZO E HÓRREO.
PLANTA EN "L" FORMANDO UN PATIO DIANTE DA FACHADA PRINCIPAL.
ENTRÉGASE Á ESTRADA NACIONAL MEDIANTE UN CORPO MÁIS BAIXO REMATADO CUNHA TERRAZA
PECHADA CON MURETE A MODO DE MIRADOR.
RETIRADA RESPECTO Ó MIRADOR POR UNHA GALERÍA REMATADA CON CENEFA DE MADEIRA
LABRADA.
UNHA PEQUENA GALERÍA RESALTA SOBRE A CUBERTA FORMANDO UN CORPO MÁIS ALTO E
PERPENDICULAR Ó OUTRO BRAZO DA ELE. NESTE TESTEIRO SURXE UN CORPO EN FORMA DE U,
INVERTIDA RESPECTO Á EDIFICACIÓN PRINCIPAL, QUE TRAZA UN CLAUSTRO PORTICADO DE MANEIRA
QUE FORMA UN PECHÉ LATERAL Ó PATIO DE DITA EDIFICACIÓN.
INTERESANTE UN POZO DE CANTERÍA DE BOCA PENTAGONAL SITUADO NO CENTRO DO CLAUSTRO.
EDIFICACIÓN PRINCIPAL RECEBADA DE GAL E CANTERÍA EN ESQUINAS, VANS E IMPOSTA.
HÓRREO DE INTERESE.

PILDERENCIA: Este documento nº 5121 de data 14/04/14 de
"CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 11.03.2009" que aprobaba parcial e
definitivamente o PXOM de OLEIROS, aprobouse polo Concello Pleno en sesión
de 28 de abril de 2014.

Oleiros, 13 de maio de 2014.
A Secretaría Accidental
[Signature]
Celia Álvarez

- DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DISPONIBLE EN .dwg



- ESTIMACIÓN ECONÓMICA

Para a estimación do custo e tendo en conta a localización en Galicia, pódese estimar un rango aproximado de: 956,52€/m² construído de PEM, sobre aproximadamente 345 m². En calquera caso, o custo real dependerá da elección de materiais, a complexidade dos servizos urbanos a renovar e outros factores específicos do proxecto. Así, considerando unha superficie estimada de 345m² segundo a ficha catastral, obtense un custo estimado de execución material de 330.000,00€.

• ANTECEDENTES E MOTIVACIÓN

ANTECEDENTES:

No ano 1994 o Pazo de Arenaza foi rehabilitado integralmente polo Concello de Oleiros para Centro de maiores, con proxecto do arquitecto Henrique Seoane.

No ano 2017 foi cedido á Deputación da Coruña e rehabilitado integralmente dentro da Rede provincial de espazos de traballo para Coworking, con proxecto dos arquitectos Antonio Pernas e Pilar Sánchez. Con esta actuación introduciuse o novo uso no edificio principal do pazo e permaneceu no seu estado anterior o edificio anexo en forma de claustro.

MOTIVACIÓN

A convocatoria deste concurso de ideas vén motivada na necesidade de ampliación do uso do coworking coa adecuación de espazos complementarios á área de traballo actual para poder albergar novas actividades no centro.

Desde este punto de vista, valorouse de especial importancia a incorporación de novos espazos destinados a presentacións empresariais, laboratorios para startups, pequenos talleres para actividades de tipo manual ou que polas súas condicións requiran de certo illamento e unha maior dotación de aseos comúns consonte á ampliación pretendida.

Considérase idóneo para este uso o espazo claustral anexo ao edificio principal. O claustro ten tres ás cubertas, dúas delas abertas (N e S) e unha ocupada con cuartos equipados con baño. Estes cuartos formaron parte do programa do antigo centro de maiores e actualmente están sen uso e en mal estado de conservación.

CATALOGACIÓN

O conxunto do Pazo de Arenaza é un ben catalogado no planeamento de Oleiros (B-16) cun grao de protección non integral polo que se poden suscitar modificacións nas fachadas sempre que alcancen a oportuna autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

ESTADO ACTUAL

O edificio principal foi obxecto de dúas obras de rehabilitación consecutivas para adecuar o seu espazo interior e renovar as envolventes de fachadas e cubertas. Polo que se atopa actualmente en bo estado de conservación e idóneas condicións de uso. O edificio anexo, de planta claustral en forma de U aberta cara o pazo, non foi obxecto de obras de carácter integral desde a súa rehabilitación nunha anterior etapa dentro do programa do centro de maiores polo que se atopa en mal estado de conservación actualmente como deixa constancia a reportaxe fotográfica que completa esta memoria.

A cuberta está formada por tres cruxías, dúas delas (N e S) de planta diáfana e na cruxía leste (E) sitúanse unha serie de módulos habitacionais que funcionaban como cuartos de descanso para o centro de maiores, así como un cuarto de instalacións onde se sitúan as instalacións térmicas do coworking cuxa renovación e/ou ampliación debe ser considerada dentro das obras de ampliación do uso.

Corresponderá en todo caso aos redactores do proxecto valorar parte por parte as posibilidades de recuperación dos elementos distintos elementos construtivos. Para o que se considera importante a visita ao inmovible dentro da fase de concurso.

● AVANCE PROGRAMA DE NECESIDADES

PORCHE

- Espazo exterior cuberto: considérase que se debe conservar o espazo exterior cuberto nunha porcentaxe mínima do 30 % respecto do total da superficie do claustro en planta.

SALA DE PRESENTACIÓNS E EVENTOS

- 1 sala de suficiente superficie e altura para presentacións das start-ups, exposicións dos talleres e eventos complementarios á formación impartida no Pazo de Arenaza. Considerando como superficie útil mínima de 60 m² e unha xeometría adecuada cunha proporción que facilite a organización destes actos.

MÓDULOS POP-UPS

- 4 módulos de 15 m² de superficie mínima útil: dotados con instalacións completas, así como iluminación e fontanería adecuadas para traballos manuais.

ASEOS

- Dotación de aseos comúns que poden estar centralizados para os diferentes usos

INSTALACIÓNS

- Cuarto de instalacións técnicas: cunha superficie mínima de 20 m²
- Instalacións completas para a superficie ampliada
- Ampliación das instalacións comúns eléctricas e térmicas (sala de caldeiras) para a nova dimensión do establecemento.

LUZ NATURAL

- Débense implementar os mecanismos necesarios para mellorar ou incrementar a entrada de luz natural nos distintos espazos, sen entrar en contradición coas necesidades de escurecemento de determinados espazos.

CRITERIOS XERAIS DE INTERVENCIÓN NA REDE PROVINCIAL DE ESPAZOS DE TRABALO

- O proxecto e obra deberá ser coherente nas solucións adoptadas cos criterios xerais de intervención na Rede Provincial de Espazos de Trballo que se anexan en documento a parte nos que resultan de especial importancia a accesibilidade universal, a adaptación ambiental da arquitectura, a ecoloxía dos materiais construtivos e dos procesos propios da obra, a eficiencia enerxética do edificio resultante e as cuestións de integración de xénero.